

Folla inscrición

Enviar a folla de inscrición cuberta por mail
[prazas limitadas, por rigorosa orde de inscrición]

Data límite de inscrición **MÉRCORES 22 DE ABRIL DE 2015**

APELIDOS

NOME

TELÉFONO

E-MAIL

DNI

ENDEREZO

POBOACIÓN

PROVINCIA

C.P.

OCUPACIÓN

OTORGARASE CERTIFICADO DE ASISTENCIA
(pendente de convalidación de 1 crédito de libre configuración).

www.interculturalidade.net


ECOS DO SUR

ONGd PARA A INTEGRACIÓN DAS PERSOAS MIGRANTES
E A COOPERACIÓN INTERNACIONAL

R/ Ángel Senra nº 25 - 1º • 15007 A Coruña
Tel. 981 15 01 18 • Fax: 981 16 83 49 • ong@ecosdosur.org
ecosdosur.blogspot.com • www.ecosdosur.org

[f /ecosdosur](https://www.facebook.com/ecosdosur) • [@ecosdosur](https://www.instagram.com/ecosdosur)

• CENTRO SOCIOCULTURAL DE MEICENDE •
TRAVESÍA DE MEICENDE 132 - ARTEIXO - A CORUÑA



• INFORMACIÓN •

www.interculturalidade.net

• ORGANIZA •



Ecos do Sur

• PATROCINA •



Concellaría
de Servizos
Sociais

• COLABORA •



ONG MESTURA



13^{as} XORNADAS

de Sensibilización sobre a Interculturalidade

«Construindo unha cidadanía activa»



«Se todo che da igual, estás facendo mal as contas»

EINSTEIN

www.interculturalidade.net

23 e 24 ABRIL 2015

CENTRO SOCIOCULTURAL
DE MEICENDE

TRAVESÍA DE MEICENDE 132 - ARTEIXO - A CORUÑA



Presentación

A sociedade está a vivir cambios retadores e dende diferentes ámbitos a cidadanía achega respostas e solucións que abren novos camiños de participación. Outra forma de pensar e de facer, outras maneiras de relacionarnos que implican o traballo en común para superar dificultades e avanzar na transformación social: é a **ciudadanía activa**.

- Como se está a organizar a sociedade civil para pasar da crítica á acción?
- Que ferramentas innovadoras emprega para incentivar a participación e o debate?
- Que logros está a alcanzar?

Nas **XIII Xornadas de Sensibilización na Interculturalidade**, dedicadas á **Ciudadanía Activa**, reunimos algunhas das experiencias máis punteiras en participación que se están a desenvolver en España: bancos do tempo, construción colectiva de coñecemento, recuperación de espazos comunitarios, medios de comunicación feitos dende e cara á cidadanía... Abordaremos diversos achegamentos e colectivos que marcan distintas formas e experiencias de éxito de cidadanía activa, establecendo un punto de encontro que propicie a creación de novas formas de traballo dende o común.

Destinatarios/as

Traballadores/as do ámbito social, técnicos/as de servizos sociais e/ou de participación en Concellos e entidades sociais, docentes, educadores/as, estudantes e todas as persoas interesadas nos procesos que implican activamente á cidadanía na vida comunitaria.

Inscripción

- A inscrición poderase facer a través da web ou vía e-mail:
- **WEB (www.interculturalidade.net)**: cumprimentar o formulario de inscrición da web e, nos casos dos/as estudantes, persoas en paro ou pensionistas/xubiladas, adxuntar a tarxeta de estudante escaneada, a tarxeta de demandante de emprego ou o xustificante de pensión/xubilación, segundo corresponda.

– **E-MAIL (ong@ecosdosur.org)**: enviar todos os datos do formulario de inscrición no e-mail e, nos casos dos/as estudantes, persoas en paro ou pensionistas/xubiladas, adxuntar a tarxeta de estudante escaneada, a tarxeta de demandante de emprego ou o xustificante de pensión/xubilación, segundo corresponda.

- Nº de conta para facer o ingreso da inscrición:
“la Caixa” – ES76 2100 2725 2802 0003 4085
- No concepto do ingreso especificar “Xornadas” e o nome e apelidos da persoa inscrita. A inscrición non estará debidamente formalizada ata que non se faga dito ingreso.
- No caso de superarse o aforo das Xornadas e realizarse o ingreso, comunicáraselle ao/á interesado/a e farase a devolución inmediata do mesmo.
- Prezo inscrición: **7 eur.** [4 eur. para estudantes, persoas en paro ou pensionistas/xubiladas que o acrediten cunha fotocopia da respectiva tarxeta de estudante ou da tarxeta de demandante de emprego, ou documento acreditativo, segundo corresponda, no momento de entregar a folia de inscrición].
- Aforo limitado de **70 PRAZAS** [entrada por rigorosa orde de inscrición].
- Data límite de inscrición: **Mércores 22 de abril de 2015.**
- Lugar de celebración: **Centro Sociocultural de Meicende** (Travesía de Meicende 132. 15140 Arteixo - A Coruña).

Programa

XOVES, 23 DE ABRIL

- 9:00 h.** RECEPCIÓN e ACREDITACIÓN dos participantes.
- 9:30 h.** ACTO DE PRESENTACIÓN a cargo de representantes locais e autonómicos.
- 10:00 h.** OBRADOIRO. **“Experiencia de reciprocidade. A posta en marcha dun Banco do Tempo”**. Impartido por **Dna. Josefina Altés**. Coordinadora da Rede de Bancos do Tempo da Asociación Saúde e Familia.
- 11:30 h.** PAUSA - CAFÉ.
- 12:00 h.** PONENCIA MARCO. **“Wikipedia, o coñecemento libre e a participación da cidadanía”**. Ponente: **D. Jorge Sierra**. Presidente da Fundación Wikimedia en España.

14:00 h. XANTAR.

16:00 h. PONENCIA. **“Cidadanía Activa no eido 2.0”**. Ponente: **D. Juan Antonio Méndez**. Xestión e captación de fondos para campañas e proxectos no ámbito do terceiro sector. Fundación Hazlo Posible.

17:30 h. MESA REDONDA. **“Iniciativas de cidadanía activa en Galicia”**.

- **Dna. Teresa Fernández Caamaño** e **Dna. Sonsoles Mosteiro Sigüenza**. Integrantes da Rede de Impulsores Sociais do Proxecto Agra Civis.
- Radio Comunitaria **CUAC FM**.
- **Dna. Teresa Ubeira**. Directora do Centro Neuropsiquiátrico O Pelouro.

19:00 h. PECHE PRIMEIRA XORNADA.

VENRES, 24 DE ABRIL

- 9:30 h.** PONENCIA. **“Facer cidade: Autobarrios, El campo de cebada e El Pati Obert”**. Colectivo Basurama. Ponente: **D. Rubén Lorenzo**. Membro do colectivo Basurama.
- 10:30 h.** PONENCIA. **“Posta en marcha do Plan Integral do distrito V en Huelva”**. Fundación Proxecto Don Bosco. Ponente: **Dna. Manuela Coronada García**. Coordinadora da Oficina Técnica do Plan.
- 11:30 h.** PAUSA CAFÉ.
- 12:00 h.** **“Promoción da cidadanía no ámbito territorial e con persoas en exclusión”**. Ponentes: **Dna. Paloma Bru** e **D. Manuel Basagoiti**, membros de Red CIMAS e do Observatorio da Exclusión Social e os procesos de Inclusión da Comunidade de Madrid.
- 13:00 h.** PONENCIA. **“Cómo transmitir valores da cidadanía activa dende o eido escolar. Experiencia práctica do proxecto Español con iPad para alumnado extranxeiro”**. CEIP Ponte dos Brozos (Arteixo). Ponente: **Dna. Laura Calderón**. Responsable do Grupo de Adquisición de Linguas (GAL).
- 14:00 h.** ACTO DE CLAUSURA a cargo de representantes locais e autonómicos.

* **CASO PRÁCTICO** sobre unha situación real de intervención relacionada coa temática das xornadas (4h.) que será realizado polos asistentes e enviado por e-mail a Ecos do Sur.